

Ref.-AEG/axps
158/19

CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, PARA A IMPLANTACIÓN DA APLICACIÓN “CALÉNDULA” NA PLATAFORMA E-SAÚDE.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade, DECLARA:

Que a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela, asinaron con data 28/5/19 un convenio específico de colaboración para a implantación da aplicación “Caléndula” na Plataforma “E-Saúde”.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a implantación da aplicación “Caléndula” na plataforma “e-Saúde” do Servizo Galego de Saúde, mediante a súa integración cos sistemas de información do organismo autónomo, especialmente co Sistema de Receita Electrónica.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional se fundamenta no seguinte:

Con data 10 de outubro de 2017 as partes asinaron un Convenio Marco de colaboración no ámbito da investigación en tecnoloxías da información, ao abeiro do previsto no artigo 34 da Lei 14/2011 do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación. O citado Convenio marco, segundo a súa cláusula primeira, tiña por obxecto establecer o marco que rexerá as relacións entre as partes na xestión de proxectos en materia de validación de diferentes tecnoloxías relacionadas coa e-saúde resultado da investigación realizada pola USC, así como a súa valorización e transferencia mediante a súa implantación no Servizo Galego de Saúde.

Tamén prevía que a valorización e transferencia de cada unha das tecnoloxías poderíase realizar mediante convenios específicos encamiñados á posta en funcionamento e aplicación de tecnoloxías concretas no ámbito da e-saúde.

Froito da colaboración establecida, xurde a oportunidade de mellorar a plataforma e-Saúde, mediante a incorporación da aplicación “Caléndula”, que é unha aplicación para a xestión da medicación desenvolvida por membros do Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías da Información da Universidade de Santiago de Compostela (CITIUS). Distribúese de balde como unha aplicación executable en dispositivos móbiles con SO Android, e dispoñible no repositorio de Google Play con licenza GPLv3, na súa versión 2.5.8.

Entre as súas funcionalidades máis destacables cabe citar as de: recordatorio de tomas de medicación, consulta de prospectos; alerta por efectos secundarios de medicamentos; e xestión de botiquín. O obxectivo da aplicación é acadar a mellora da adherencia dos/as pacientes aos tratamentos prescritos e, xa que logo, a mellora da eficacia destes.

O Servizo Galego de Saúde optou pola aplicación “Caléndula” para a súa incorporación na plataforma “e-Saúde”, mediante a súa integración cos sistemas de información do organismo autónomo, especialmente co Sistema de Receita Electrónica a través da aplicación MEPAC_WSS.

Este proceso permite ampliar a funcionalidade de “Caléndula” para incorporar a folla de medicación activa; o calendario de dispensacións; e o cálculo daquelas datas que optimizan a recollida de medicamentos en farmacia.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

O secretario xeral técnico

Alberto Fuentes Losada

